

# A min contáronme...

A tradición oral serve para transmitir coñecementos, valores culturais e sociais, ademais da memoria colectiva.

É fundamental para manter vivas as culturas.

LINGUA GALEGA E LITERATURA

#Tecendoidentidade(s)



# A min contáronme...

## O PROXECTO



Manteñen as familias inmigrantes a súa TRADICIÓN ORAL nos lugares de acollida?  
Transmítenllela aos seus fillos?

Lembran os **contos, lendas, fábulas, cantigas de berce, cancións...** que lles contaban na casa cando eran cativos?

Teñen elementos comúns coa nosa tradición oral?

O noso proxecto busca darlle resposta a esas preguntas ao mesmo tempo que facemos unha recolleita multicultural das tradicións orais que nos rodean, a das persoas que naceron noutros países e culturas pero que xa forman parte e enriquecen a nosa sociedade.

# A min contáronme...

## COMO TRABALLAREMOS

Traballaremos por parellas (agás un grupo, que será de 3). No seguinte enlace tedes o documento no que me iredes informando da configuración dos grupos:

### PARELLAS 4º ESO-C

Á volta do Nadal, durante a primeira semana, cada grupo terá que entregar unha proposta de 1 ou 2 informante(s).

### QUE PERFIL DE INFORMANTE BUSCAMOS?

Unha persoa procedente dun país estranxeiro, pero que xa formase aquí a súa familia, que sexa capaz de recordar algún **conto, lenda, fábula, canción, cantiga de berce...** da súa cultura de orixe. \*\*\*Canto máis variadas sexan as súas procedencias e as súas linguas, máis chulo nos quedará o proxecto!!



# A min contáronme...

## PERIODIZACIÓN

### XANEIRO

- Decidimos informante
- Establecemos o primeiro contacto. CONFIRMAMOS.

1ª ENTREGA: Breve ficha descriptiva DATA LÍMITE: [RÚBRICA]

### FEBREIRO

- Quedamos para gravar (co móbil; recomendable levar do departamento trípode con adaptador para móbil + micrófono de corbata) > AXENDAMOS DATAS DE GRAVACIÓN no seguinte documento compartido: [AXENDA DE GRAVACIÓN](#)

2ª ENTREGA: vídeo da gravación DATA LÍMITE: [RÚBRICA]



# A min contáronme...

## DÍA DA GRAVACIÓN



### PARTE TÉCNICA

- Verificar que o móbil ten espazo libre e batería
- Lembrase de colocar o micro ao informante
- Facer unha proba de son
- Gravar sempre co móbil en sentido horizontal

### ENTREVISTA

01. Pedimos que nos diga o seu nome, apelido e o país de orixe.
02. Pedímoslle que nos relate un conto, fábula, canción, cantiga de berce, lenda... do seu país de orixe.
03. Facémoslle unha breve entrevista (as preguntas acordarémolas no seguinte documento)

# A min contáronme...

## PERIODIZACIÓN

### MARZO

- Realizamos transcripción ao galego da mostra de tradición oral gravada.

3ª ENTREGA: Transcripción ao galego

DATA LÍMITE:

[RÚBRICA]



# A min contáronme...

AVALIACIÓN

A nota deste traballo representará o **20%** da nota do trimestre.

